

O curso de verán sobre a xestión de lodos avisa do perigo do seu mal uso

► A iniciativa da USC propón divulgar os beneficios dunha boa xestión destes residuos

DAVID LÓPEZ

✉ local@elprogreso.es

LUGO. A inauguración do curso de verán da USC sobre a utilización dos lodos de depuradora deixou a debate o problema das graves consecuencias que xurdirían dun mal uso destes para a saúde, ao mesmo tempo que pretenden concienciar á sociedade da importancia dunha boa xestión destes residuos.

O acto foi presentado polo vice-

reitor adxunto de investigación e innovación do campus de Lugo, Pablo Ramil Rego, e pola directora do propio instituto, Elvira López Mosquera, que estiveron acompañados por arredor de 30 alumnos aos que, con este curso, pretenden darlles a coñecer a problemática que podería derivar das malas prácticas no uso duns lodos que en Galicia chegan a producirse a un ritmo de 400.000 toneladas

anuais.

«Este curso servirá para intercambiar coñecementos sobre o medio ambiente con varios grupos do sector e para coñecer a opinión dos usuarios. Ademais, coa nova normativa faise necesario que os agricultores saiban como utilizar os lodos», comentou Elvira López.

Ante as subas de prezo do fertilizante mineral, moitos agricul-

tores decidiron utilizar os lodos como unha alternativa barata, pero sen tomar as precaucións axeitadas. Isto, sumado a varias denuncias por malos olores ou depósitos excesivos, crean a necesidade de concienciar aos agricultores e á mesma sociedade dos beneficios dunha boa xestión.

«Adóitase pensar que o uso dos lodos como fertilizante é algo malo. De feito, os lodos sen tratar non poden ser aplicados. Pero co tratamento axeitado poden funcionar como abono perfectamente. É por isto que este curso é unha boa oportunidade para coñecer un tema de vital importancia, pois afecta ao solo, ás augas, aos veciños e, en definitiva, á saúde», apuntou José María López Vega, xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente.

Con respecto á nova normativa, aprobada o 10 de maio deste mesmo ano, José Ramón Losada Fernández, xefe territorial da Consellería de Medio Rural e Mar, falou dos motivos que impulsaron esta reforma. «A Xunta é sensible con este problema. Somos conscientes das necesidades dos agricultores e débense promover este tipo de abonos, sempre con control. Por isto se actualizou a lei cunhas características máis restritivas», dixo.

XESTIÓN EN LUGO. Pola súa banda, o presidente da Deputación, José Ramón Gómez Besteiro, falou de Lugo como «unha zona única pola súa biodiversidade» e da concienciación dos cidadáns respecto a este tema.

«Nós tamén aportamos o noso grao de area. Este curso de verán é unha oportunidade para focalizar os problemas medioambientais. É un tema que está cada vez máis presente nunha sociedade que está a pasar unha mala época pero que ten futuro porque a economía do medio ambiente aportará traballo, algo que é moi positivo», comentou o presidente da Deputación.

Un seminario analiza o papel do Arquivo Histórico para entender o rural

D. L.

✉ local@elprogreso.es

LUGO. A Universidade de Santiago de Compostela (USC) comeza hoxe un curso sobre a importancia das fontes documentais do Arquivo Histórico Provincial de Lugo para entender o medio rural, e que durará ata mañá.

A actividade desenvólvese na sede do Arquivo de Lugo e está dirixida polo profesor da USC Gonzalo Francisco Fernández Suárez, mentres que a responsable da secretaría é a tamén profesora da USC Ana Cabana Iglesia.

Hoxe o curso versará sobre o proceso de creación do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, a cargo da súa directora, María Dolores Pereira Oliveira. Acto seguido, Gonzalo Fernández Suárez falará sobre a documentación agroforestal do Antigo Réxime no Arquivo, mentres que a profesora Ana Cabana Iglesia intervirá para presentar a súa charla 'De papéis e labregos. Fontes para o estudo do mundo rural galego contemporáneo', máis centrada no século XIX.

EVENTOS DE MAÑÁ. Pola súa banda, a última xornada comezará co relatorio 'A documentación histórica: soporte da pervivencia do monte común en Galicia', por parte do investigador Gregorio Casado González. Ademais, o profesor Juan Ortiz falará do tema 'O estudo de casos dos catastros do século XX como fonte para o estudo das construcións rurais tradicionais'.

Xosé Ramón Veiga Alonso, tamén profesor, impartirá unha charla sobre as relacións entre o persoal relacionado con este tema, chamada 'Ratas de arquivo. Luces e sombras na relación entre arquivos, arquivistas e historiadores', o que suporá a fin deste curso de verán no que participarán ata 25 alumnos.



Alumnos e autoridades durante a inauguración do curso no Ibader, onte. SEBAS SENANDE

«A nova normativa é máis restritiva que a española»

A entrada en vigor do Real Decreto 152/2012 que rexe a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario en Galicia supuxo a inclusión de varias modificacións para eliminar os riscos que se poderían derivar dunha mala xestión dos lodos.

«A nova normativa é máis restritiva que a española. O obxectivo é poñer un pouco de orde con respecto ás prácticas realizadas con estes residuos. Ao mellor estémonos equivocando, pero as normativas nunca son óptimas ao 100% e hai que discutilo, pois non todos os lodos se poden tratar da mesma forma», apuntou a directora de Ibader, Elvira López Mosquera.

Modificacións

Os cambios introducidos no Real Decreto baseáronse nos novos criterios técnicos que xurdiron a partir

do esforzo innovativo de empresas e institucións.

Deste xeito, para conseguir os beneficios que se pretenden, existe a «necesidade de limitar o uso dos lodos en función duns parámetros tanto do solo como dos lodos, baseados na concentración en metais pesados, así como na cantidade máxima que pode ser aportada nun período máximo de dez anos nun terreo concreto, co fin de diminuír os riscos dunha mala aplicación», segundo reza o decreto implantado este ano.

A cuarta edición do máster en Enxeñería da Madeira Estrutural comeza hoxe na Politécnica

D. L.

✉ local@elprogreso.es

LUGO. A Escola Politécnica Superior de Lugo acollerá hoxe, ás 17.30 horas, a cuarta edición do máster en Enxeñería da Madeira Estrutural da USC, o único de España desta temática, e que vén desenvolvida pola Plataforma de Enxeñaría da Madeira Estrutural (Pemade).

O máster, que terá lugar no salón de actos da Politécnica, vai dirixido, principalmente, a enxeñeiros e arquitectos coa fin de complementar a súa formación, aínda que titulados e profesionais de calquera outro ámbito tamén poderán participar.

Esta edición do máster, que vén posibilitada pola aportación económica de Confemadera Cali-

cia, é de carácter semipresencial e cunha duración de 500 horas, repartidas en quince módulos e que contará con 60 profesores, no que se tratarán temas como o coñecemento da madeira como material de construción, o cálculo estrutural ou o deseño de estruturas.

As clases das que consta este máster impartiranse xoves, venres e sábados nunha cuarta

edición que terá como novidade máis importante a posibilidade de tomar clases a distancia, o que facilitará as labores do estudante procedente doutras cidades. Ademais, están previstas varias visitas a empresas ou construcións que teñan que ver co mundo da madeira como material.

Cabe salientar tamén que este máster aínda dispón de prazas libres para todo aquel que se queira inscribir.

INAUGURACIÓN. O curso académico 2012-2013 da Escola Politécnica Superior de Lugo tamén fará o seu comezo oficial hoxe ás 16.00 horas e recibirá no salón de actos aos novos alumnos, aos que se lle entregará a documentación pertinente, e que cursarán unha das moitas carreiras ou másteres que ofrece o centro.

Alí tamén terá lugar un relatorio sobre a produción de madeira en Galicia, a cargo do catedrático Antonio Rigueiro, e outro, impartido polo arquitecto Enrique Nuere, e chamado 'Onte e hoxe da madeira', que versará sobre o mesmo tema.